

## Concelleiros do Porriño reúnense con especialistas que elaboran un programa sobre o cambio climático

- 16 de Novembro de 2016 | [Redacción \(/index.php/todo/itemlist/user/765-redacción\)](#) | [O Porriño \(/index.php/lourina/o-porrino\)](#)



[\(/media/k2/items/cache/d4536232f3a99a108d3fdf9e17b9779a\\_XL.jpg\)](#)

A concelleira de Educación do Concello do Porriño, Lourdes Moure, e os concelleiros de Medio Ambiente, Marcelino Coto, e Limpeza do Porriño, Orlando Vázquez, acudiron á EDAR de Gullarei xunto con especialistas e profesores que están a participar nun programa europeo K-2 para o desenvolvemento de material didáctico sobre o cambio climático.

Representantes do Instituto Ribeira do Louro, membros da Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo, da Asociación Portuguesa de Protección Ambiental, do Instituto de Protección do Medio Ambiente de Polonia e do Centro Tecnolóxico de Escocia, concluíron así as reunións que mantiveron no Porriño, o xoves pasado, e na Facultade do Mar o venres, para rematar o estudo sobre o impacto do cambio climático no mar.